

RAIGAME

Romaría Etnográfica Raigame Xornal informativo no Día das Letras Galegas

A **Romaría Etnográfica Raigame** de Vilanova, unha vez consolidada como punto de referencia entre as actividades difusoras da cultura popular galega, celebra a súa **Oitava Edición** coa intención de completar a súa xa extensa oferta de actividades.

Seguindo esta idea, a organización ten preparada unha “**mostra-mercado**” de **olería tradicional**, na que estarán artesáns do gremio, chegados das catro principais **olerías galegas** todavía activas hoxe (Niñodaguia, Buño, Bonxe e Gundivós), máis outros chegados do veciño **Portugal** (Aveiro e Coimbra) e **localidades da península** como Moveros de Aliste, en Zamora, e Guadix, en Granada. Estes artesáns realizarán ao longo do día unha demostración da elaboración tradicional das súas pezas, ao tempo que exposición e venda dos seus produtos na **Praza do Balcón**. A actividade complementárase cunha **exposición de olería tradicional** na **Adega do San Vivián**.

A **Praza da Torre** estará dedicada ao tema da **labranza**, a súa ferramenta e maquinaria, cunha exhibición de elementos que, cada un no seu momento, supuxeron unha revolución para o agro galego.

Continuando coa colaboración coa Asociación de Concellos con Danzas Brancas iniciada na pasada edición, este ano achéganse a Vilanova os **danzantes de Marín**, coa súa **Danza das Espadas** en honor a S. Miguel, que será representada **ás 13.30 na Praza Maior**, e pola tarde, como peche, os **Danzantes de Vilanova**.

Outra novidade é a creación dun **Mercadiño de Antigüidades**, que por primeira vez se colocará na entrada a Vilanova, xusto a continuación dos Xogos Populares.

Nesta edición, a presenza de representantes da cultura portuguesa, a máis dos xa citados relacionados co tema da olería, estará completada con grupos de música, baile e canto, cesteiros e “pregoeiros”.

A presenza de “regueifeiros”, de “cegos contacontos”, de “títeres” e o afiador máis alegre do país, *Rodesindo da Barrosa*, así como gastronomía, artesanía, música, baile, en definitiva, cultura tradicional, farán que en todos os recunchos, rúas e arredores de Vilanova dos Infantes se atopen escenas cheas de colorido e diversión para festexar o Día das Letras Galegas.



17 de Maio de 2009

Dep. Legal: OU 75-2009 **Nº 6**

SUMARIO

PARTICIPANTES

- Danzas Gremiais: a danza de Marín
- Aportación de Portugal: Música, Baile, Artesanía

HISTORIA E ARTE

- A orixe da Banda de Música de Vilanova
- Luís Soto e Vilanova
- Os alcumes de Vilanova

EXPOSICIÓNS

- A Olería Galega
- O Ecomuseo “O Forno do Forte” de Buño
- A Maquinaria Agrícola

ACTIVIDADES

- Mostra-mercado de Oleiros en vivo
- Mercado de antigüidades
- A festa da malla da Corga, Sandiás

CONCURSOS

- Fotografía
- Investigación
- Premios da VII Edición do Concurso Raigame

PECHE

- I Premio Honorífico da Romaría Etnográfica Raigame “Xan de Barros”



Contactos en:

www.raigame.es

Fotografía de Noemí
Alba Dobaño García

DANZAS GREMLIAIS: A DANZA DAS ESPADAS DE MARÍN E O PADROADO DE MAREANTES DE SAN MIGUEL

Na VII edición da Romaría Etnográfica de Vilanova, e coincidindo coa creación da Asociación de Concellos con Danzas Brancas, a organización da romaría decidiu invitar cada ano a un dos membros da Asociación a participar realizando unha exhibición da súa danza. O ano pasado foron os danzantes de Redondela. Nesta ocasión visita Vilanova o **Padroado de Mareantes de San Miguel de Marín**, que realizará **ás 13.30 a Danza das Espadas de Marín na Praza Maior**.

A **Danza das Espadas de Marín** está intimamente vinculada á Cofradía de de Mareantes, entidade anterior ao S. XV, e existe constancia no seu libro de contas do pago a gaiteiro, tamborileiro e ferreñeiro, e gasto de comida de danzadores, polo que se deduce que se bailaba dende o ano 1639, tanto na festa do Corpus como na de San Miguel. Na actualidade vénrase unha imaxe de S. Miguel de principios do S. XVII.

A danza execútase cun número variábel de elementos que pode ir dende os 24 até os 50 danzantes, 1 animador



Danza das Espadas de Marín descorrendo polas rúas da vila

ou guía, tocando o pandeiro e facendo diferentes figuras con el, e 1 *pendonista*, portandor dun pendón de cor vermella, tachonado de estrelas e rematado coa figura do Arcanxo San Miguel. Van vestidos con alpargatas, pantalón e camisa brancos, cunha faixa encarnada e levan unha espada

de madeira pintada de branco e vermello. Bailan ao son da gaita, o tambor e o bombo, e fan máis de 32 figuras, entre as que destacan a *cruz*, a *espiral*, a *estrela* e os *pasillos*.

Antigamente, a danza era interpretada por devotos mariñeiros, unha selección dos mellores do oficio, que daba clase e prestixio entre o gremio, sendo unha expresión espontánea de fervor relixioso, e non por bailaríns profesionais ou afeccionados conxuntados para divertimento da xente.

Hoxe, o Padroado de Mareantes San Miguel conta cunha Escola de Danza que ten como obxectivo preservar e difundir a danza. Está formada por mestres de danza, danzantes veteráns, alumnos danzantes xuvenís e alumnos danzantes infantís.

A danza, que nun principio era exclusivamente masculina, conta hoxe entre os seus danzantes con mulleres, igual que a grande maioría das danzas gremiais e relixiosas que todavía se manteñen no noso país, convertíndose nun garante de continuidade deste peculiar elemento do noso folclore. As mulleres danzates de Marín visten enaguas brancas en troques dos pantalóns dos homes.



Detalle da Danza das Espadas de Marín. Muller danzante

PORTUGAL EN VILANOVA: Música, canto, baile e artesanía popular portuguesa na Romaría Etnográfica

A sonda da Romaría Etnográfica de Vilanova dos Infantes salta fronteiras e cada vez son máis os artesáns e agrupacións de folclore que se poñen en contacto coa organización interesados en participar.

Dende Portugal, país irmán tanto en cultura como en lingua, chegan a Vilanova dúas agrupacións dedicadas á investigación, recopilación e difusión da música, canto e baile tradicional da súa terra. Son o **Grupo Etnográfico da Casa do Pessoal dos Hospitais da Universidade de Coimbra** (GECPHUC) e o **Grupo Folclórico de Cacia**, Aveiro.



O primeiro, con case que dez anos de historia, está formado por funcionarios dos Hospitais da Universidade de Coimbra, e o seu campo de traballo percorre a **rexión de Penacova, Coimbra e Montemor-o-Velho**. A máis das demostracións de música e baile, o grupo conta cunha ampla colección de traxes de finais do S. XIX, principalmente relacionados cos traballos tradicionais da zona do río Mondego: traxes de labregos, muiñeiros, lavadeiras e barqueiros; da comarca de Coimbra: vendedoras de auga, froitas e legumes; e tamén contan cunha ampla serie de traxes ricos e de ir á romaría e a feira. Todo este material é posto en escena mediante actuacións de

música e danza, mais tamén con desfiles e pasarrúas como os que ao longo do día realizarán por Vilanova.

A segunda agrupación é o **Grupo de Folclore de Cacia**, Aveiro, que xa ten máis de 30 anos de existencia, tempo no que ten investigado e catalogado o folclore da **rexión do Baixo Vouga e Zona Vareira**: os “*viras*”, “*canas verdes*” e “*modinhas*” son bailes que se facían antigamente camiño das romarías da rexión, ao fin dos traballos do campo e os domingos, nos adros das capelas. Contan cunha colección de traxes, copias de orixinais dos séculos XVIII, XIX e XX, cos que recibiron o recoñecemento por parte do Inatel, principal organización gubernamental relacionada coa cultura e o folclore.

O grupo conta tamén cunha Escola de Etnografía que participou na Romaría Etnográfica de Vilanova na pasada edición. Esta escola con máis de 50 alumnos ten un labor de conservación e divulgación de tradicións, folclore e xogos populares entre os máis novos.

No mes de Xuño, con motivo da organización do seu Festival de Folclore, realizan un desfile etnográfico no que se recrean usos e costumes hoxe desaparecidos.

Pero non só temos grupos folclóricos. Tamén contaremos con pregoeiros, artesáns cesteiros e dentro da “mostra-mercado” de olería, a participación de oleiros de Montealegre, Sto. Tirso e Aveiro, que estarán moldeando as súas pezas de barro na praza do Balcón. Dende Coimbra tráennos a súa louza e “*faiança*”, pezas de barro vidradas ou esmaltadas, que conta cunha profunda tradición que ven do S. XV, con influencias arábicas; do S. XVII e XVIII con escenas de caza e pesca e outras copias das chinesas da dinastía Ming.

Vinculado co traballo do barro, non podían faltar os azulexos pintados facendo mosaicos, actividade que tamén nos amosará unha artesá experta no tema.



AS ORIXES DA BANDA DE MÚSICA DE VILANOVA

Por Carolina Piñeiro

«Vilanova, terra de músicos e zapateiros». Así é como é coñecida a vila entre os veciños. E está claro que unha localidade con tal fama tiña que posuír unha historia musical máis que digna.

Non hai máis que ler as primeiras páxinas do libro de actas da Banda de Música de Vilanova dos Infantes: «Tan vinculado e identificado se halla el pueblo del “castillo” con su banda, que apenas nos sería fácil invocar a ésta, omitiendo algo consutancial de aquél, por lo mucho que une a ambos a través de este pequeño historial que brindamos a los ansiosos de conocer nuestra idiosincrasia y el porqué de su afición al arte del pentagrama».

Os inicios dun dos colectivos decanos das bandas de música de Galicia remóntanse alá polo ano 1860, cando dúas charangas da vila, a do “Farruco” e a do “Tío Higinio”, decidiron xuntar os seus esforzos musicais para constituír un colectivo musical formado por unha trintena de compoñentes. É preciso tamén salientar que no nacemento da agrupación tivo moito que ver o vello patriarca do Circo Feijóo, antepasado de figuras coma o Padre Silva ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

Músicos como o clarinetista Francisco Meléndez, chegado de Arxentina en 1900 ou Higinio Méndez –mestre dos instrumentos de metal- aportaron nun principio os seus coñecementos á formación e abriron camiño para que outros se foran incorporando ó colectivo. Así, Antonio Martínez compaxinou a profesión de músico coa de secre-

tario municipal e o tamén clarinetista Cipriano González facía ó mesmo tempo de secretario do concello de Vilanova. Deste xeito, foi medrando a lista de persoas que viron na música algo máis ca unha afección.

A partir da constitución da banda de música como tal foron collendo a batuta un importante relatorio de directores. Algúns deles, ademais de conducir a interpretación da agrupación, tamén engrosaron o seu repertorio musical con pezas que son tamén interpretadas por outras bandas galegas. Na memoria colectiva quedan hoxe pezas coma “O por do sol” de Bernardo Cortés ou “Los siete infantes”, do mestre Jesús Vázquez.

Inmediatamente anterior a Cortés destaca a figura de Camilo Pérez á fronte da banda que deixou no legado da música vilanovesa a súa “Homenaxe a Rodríguez Soto”. Trala ocupación de Cortés no posto de director, pasaron pola vila dos Infantes o pianista Bernei e os mestres Carricoba e Mallo.

A Guerra Civil supuxo, como en tantos outros eidos da historia e a sociedade, unha importante perda de efectivos e, polo tanto, un obrigado paréntese na actividade do colectivo.

Tan pronto rematou o conflito, a Banda de Música de Vilanova retomou a actividade de xeito que entre os anos 1939 e 1943 pasaron por ela os directores Demetrio Vázquez, Francisco Beristany e José Pérez. É entón cando volve ocuparse de guiar as melodías Bernardo Cortés.



Os Danzantes de Vilanova cos músicos, compoñentes da Banda, que aínda hoxe son os encargados de tocar a danza cada 15 de Setembro. Foto de 1926

En 1948 Cortés deixa de ocuparse definitivamente da banda. A partir dese momento, diversas figuras se irán encargando de guiar as melodías dos músicos vilanoveses ata que no ano 1960 chega o autor de “Los siete infantes”, Jesús Vázquez, que aínda hoxe segue sendo a persoa que máis tempo botou á fronte da dirección musical.

A popularidade da Banda de Vilanova foi aumentando de xeito máis que considerable dende que xurdira a mediados do século XIX e nas últimas décadas tiveron oportu-

compromiso que tiene contraído con ella y con esta Sociedad, pues se niega a pagar las 250 pesetas que estipula el contrato que tiene firmado es el caso de discutir si se debe o no exigir el cumplimiento del contrato referido. Los señores concurrentes, después de haber discutido ampliamente este caso y teniendo en cuenta los perjuicios que, con la salida del socio Arturo Vázquez se le originan a la Sociedad, puesto que para suplirlo en la Banda tiene que contratar otro número, acuerdan por unanimidad que se le exija el cumplimiento del contrato, obligándole a que pague las 250 pesetas que aquel



A Banda de Música de Vilanova na romaría do Cristal de 2008

nidade de realizar centos de actuacións por toda a xeografía galega.

Dende o ano 2000 até fai ben poucos meses, o director da banda foi Arsenio Araújo Alonso e hoxe, J. Carlos López Vázquez é o encargado de dirixir a máis de corenta músicos da vila medieval e de toda a comarca das Terras de Celanova.

Os contratos

Tódolos músicos tiñan que firmar un contrato que os comprometía de xeito que a banda nunca quedase carente de profesionais. Un bo exemplo podería ser o recollido no Libro de Actas da Asociación que amparaba o conxunto musical no día 26 de febreiro de 1930 e que dicía:

“Se informa de que el socio Arturo Vázquez manifestó su propósito en la Academia, ante sus compañeros, de abandonar la Banda para ir a tocar a un circo central ante cuya manifestación se enteró dicho señor Presidente, que tenía compromiso con esta Sociedad, a medio de un contrato firmado por cuatro años, y cuyo término no había cumplido, para continuar en la Banda sin poder aceptar otros compromisos. Y como dicho señor se obstina en abandonar la Banda sin cumplir el

menciona, ratificando al señor presidente todas las atribuciones que se le tienen conferido y ampliándolos, si fuese necesario, para que en representación de esta sociedad exija al socio el exacto cumplimiento de su contrato, con la misma empleando la vía de apremio si otros procedimientos no dieran resultado”.

Nesta documentación pódense ver as dificultades que tiñan os integrantes da agrupación para rescindir o contrato, así como a intención da directiva da asociación de evitar que se desfixera o colectivo. O mesmo acontecía cos directores.

E tamén deste xeito é como se explica que moitos músicos tiveron que deixar a banda ó se trasladaren a vivir a outra localidade.

Concretamente, houbo músicos que se trasladaron á banda de Celanova, pois tiveron que fixar alí a residencia por motivos de traballo.

O cambio de agrupación puido ter sido visto polos veciños como unha especie de revogación das súas orixes e explicaría, de certa maneira, a pequena rivalidade que existiu dende os comezos entre ámbolos dous colectivos. Ó igual que acontecía entre as dúas vilas.

LUÍS SOTO E VILANOVA.

«Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma»

Por Carolina Piñeiro

No ano 1902 nacía en Podentes o que co tempo se convertería nun referente do nacionalismo da diáspora, Luís Soto Fernández. Soto marchou moi novo a Arxentina de onde volveu para facerse mestre. O estoupido da Guerra Civil obrigouno a traspasar as fronteiras de España e cruzou a Portugal e a Francia.

coa publicación en Arxentina de *El Eco*, de tendencia socialista. Máis adiante, o seu percorrido polo mundo adiante levouno a colaborar con xornais de diversos puntos, pero seguindo sempre fiel á súa ideoloxía.

México, destino principal das elites intelectuais galegas xa foran emigradas ou exiliadas, acolleu daquela a unha serie de figuras

pódese ler por exemplo a que o autor das *Memorias dun neno labrego* enviou dende Bos Aires: “Teño que eispresar, e non atopo verbas dabondo pra elo, a miña ledicia, a miña contentez e a fonda satisfaiçon pola aparizon de *Vieiros*”.

Vieiros é considerada unha das mellores publicacións realizada por galegos no exterior. Á fronte da dirección mantivéronse sempre Luís Soto e Carlos Velo —os dous da comarca de Celanova—; mentres que Delgado Gurriarán foi substituído nos dous últimos números por José Caridad Mateos, arquitecto coruñés. Ó mesmo tempo, Arturo Souto era o encargado da dirección artística, eido no que participaron os artistas máis importantes do momento: Quessada, Laxeiro, Virxilio, Colmeiro, Díaz Pardo ou Patiño.



Luís Soto e Carlos Velo, codirectores de Vieiros. Outubro de 1963

En Ourense estudou Maxisterio, profesión que exerceu na zona da raia antes de emigrar. Foi entón cando fundou a Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense, que deixaba as polémicas siglas ATEO.

A partir de 1938, comezaría a experiencia americana con Cuba e Estados Unidos como destinos iniciais. Pero foi en México onde o intelectual fixou a súa residencia e foi tamén onde fundou a Alianza Nacional Galega.

Luís Soto introduciuse na actividade xornalística dende moi novo

coma o cineasta Carlos Velo, o pintor Arturo Souto ou o poeta Delgado Gurriarán. Todos eles con Soto á cabeza realizaron a revista *Vieiros*. Entre os anos 1955 e 1968 chegarán a Galicia, sempre de xeito clandestino, os catro únicos números editados.

É interesante ver na sección de cartas ó director a gratitude coa que a recibían personaxes como por exemplo Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Blanco Amor, Neira Vilas ou Francisco Fernández del Riego. Entre algunhas das reaccións que a chegada da revista provocou entre os galegos espallados polo mundo

No último número, publicado na primavera do ano das revolucións estudantís, o político e escritor de Vilanova, nacido en A Bola por casualidades da vida, realiza unha viaxe durante a Pascua dende a súa terra de acollida, México, a Ourense. Plasmado baixo o título *Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma*, esta especie de monólogo

interior que o propio Soto data en 1968 foron, como ben indica ó final, escritos “de contado, nas dez horas do avión para minguar a tensión da saída”. O publicado en *Vieiros* é unha copia “tal cual”. Así o quixo un dos fundadores da UPG; doutro xeito perderían “valor antropolóxico (...); si é que ten algún valor, cousa dubidosa”.

Autocrítica —peza coa que pecha a reportaxe— pretende ser unha explicación da visión dun intelectual que volta ás raigames. “Son un home dunha terra e dun tempo e coas miñas meniñas de galego teño que ollar o mundo ia vida”.

Unha viaxe con Freud e con Castelao

A viaxe, tanto a real como a espiritual, de Luís Soto comeza no momento en que o avión no que viaxa toma terra no aeroporto de Barajas, onde por el agarda o seu irmán –un home de “ollos puros” e “sinxeleza intelixente”-.

De viños co seu irmán por Madrid comeza o dilema espiritual de Soto entre o “ilo, o eu e o super-eu” que, segundo Freud eran os tres sistemas que integraban a personalidade total. Durante a súa estancia na capital, o intelectual de Vilanova queda a comer cos Brais Pinto –“fato impresionante de rapaces que publicaban libros en galego”-. Entre eles, Méndez Ferrín, Patiño, Graña ou Fernández Ferreiro.

“Cós Brais hai que comer nun lugar asegado, silandeiro, prá sentir e filosofar sobor da escura realidade dunha Galicia en tebras. (...)

Cóntolles o caso relatado no meu libro sobor de Castelao”. Os Brais, como el os chama, escoitan “profundamente serios” o vivido por Luís Soto e o rianxeiro nunha cafetería de Nova York. Alí, un home, galego de Silleda, “fala a dúas voces. Pergúntase e respóndese, con tons de voce perfectamente distintos”.

Pasaron xa o “Lús e o Martes de Pasión”. Ó día seguinte chega o momento de partiren cara a Ourense. Cada parada do tren é descrita por Soto. O Escorial, Medina del Campo, Puebla de Sanabria, A Gudiña, Baños de Molgas e, finalmente, Ourense. Xunto á descrición xeográfica, o autor viaxa tamén pola historia de Galicia.

A morte do meu amigo que non quixo emigrar

Que non é outra que a morte do Pajilla, aquel que gañou o nome por un sombreiro de palla que lle regalou seu pai. Luís Soto describe a fin

do seu amigo como a contrafigura da emigración. “Negouse a emigrar e morre esfameado i escarnecido, vítima da emigración”. O político non acode ó enterro por mor dunha promesa feita había anos.

Coa morte do Pajilla, Soto busca desfacerse do seu “super-eu”, que “xa fede”.

A pesar de negarse a ir a Vilanova para non faltar á súa palabra, o autor analiza a historia da vila dos Infantes.

“Vilanova era un pobo de autenticidade crasista. Proletariado en punna cós señores tendeiros de Celanova. Dúas familias que elí vivían, esfumáronse nas cidades. Ficaron nó pobo somentes zapateiros e cinco ou seis



Luís Soto

labregos. (...) O pobo tiña un senso de crase. Seis reás un par de zapatos. Tamén facían chancas. Non había ningún señorito. Naide sabía falar o castelán. (...) As rapazas eran bonitas, delgadas, cun aire greco, estilizadas”.


E continúa: “O pobo emigrou en masa (...). Os que quedaron, ó chegar a noite de pedra, esqueceron a súa prosapia proletaria domesticándose i esmorecendo no chisme, na frieza e na servidume. Probe Vilanova dos Infantes, cantada maravillosamente por Curros Enríquez”.

A Semana Santa xa rematou. A morte do Pajilla e o regreso espiritual de Soto a Vilanova ocupan o seu maxín dende o Xoves Santo ó Domingo de Resurrección.

O legado de Luís Soto

O intelectual vilanovés volvería en varias ocasións a Galicia, sempre da man da actividade política. No mesmo ano en que firma este artigo nace a Unión do Pobo Galego, referente do nacionalismo galego nos anos da transición democrática.

En 1982 morreu en México. Posteriormente o seu arquivo sería depositado polos fillos no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, onde pode ser consultado hoxe en día por aqueles que o desexen.



*Portada do número 4 de Vieiros, 1968.
Debuxo de Xaime Quessada*

VILANOVA DOS INFANTES: A patria dos alcumes

Por Carolina Piñeiro

Dicía Celso Emilio en *A Taberna do Galo* que “eiquí todo cristo ten un alcume, unhas veces acaído e outras aldraxante, asegún a mala leite do alcumador”. O autor da *Longa noite de pedra* referíase a Celanova, pero as mesmas palabras poderían ter sido pronunciadas para a vila veciña. E eu aproveito as súas verbas para pedir desculpas se por este pequeno labor de recolleita algún vilanovés se vise ofendido. A miña intención, lonxe de provocar a alguén, non é outra que lembrar a retranqueira imaxinación dos nosos antergos.

E non é cousa só dos pobos. Foron moitos os autores clásicos que pasaron á memoria colectiva con outro nome. Tal é o caso de El manco de Lepanto ou O Tío Marcos d'A Portela; que non son outros que Cervantes e o padre Martín Sarmiento, que co seu alcume deu nome ó primeiro xornal íntegro en galego da man de Lamas Carvajal.

O certo é que ademais deles, moitos personaxes da literatura son coñecidos polo sobrenome. Aí está por exemplo un dos dous de sempre, o Rañolas, de Castelao. Tamén Blanco Amor optou polos alcumes ó non darlle nome a ningún dos tráxicos personaxes de *A Esmorga*: o Milhomes, o Castizo e o Bocas; mentres que un dos menciñeiros da escola de Cunqueiro era o Coxo de Entrebo.

Volvendo á historia de Vilanova, no último número da revista *Vieiros*, de 1968, cando Luís Soto chora a morte do seu amigo Pajillas xa contabiliza medio milleiro de alcumes na vila medieval. Xusto este viña motivado, segundo Soto, por un sombreiro de palla que lle regalara seu pai. E xa lle quedou de por vida.

Características físicas, unha prenda que utilizaban con frecuencia ou mesmo unha palabra graciosa que dixeron un día e causou gracia. A grandes rasgos, estas adoitan seren as causas polas que foron xurdindo toda clase de alcumes en Vilanova.



Manolo Díaz alcumado O Gamarro

Precisamente, o Cilinova débelle o nome á pronuncia incorrecta de Celanova. E xa lle quedou. Ou como pode ser que ocorrera co Babá ou co Meleves. Tamén pode que de aí viñeran outros alcumes coma o Viva la Virgen. O Luzviene, por exemplo, gañou o nome nunha reunión para traer o tendido eléctrico a Vilanova.

Precisamente, un familiar do Cilinova, recorda que nunha ocasión foi a un bautizo no que o cura, que se chamaba don Benito, dixo: “Eu non sei para que lle pondes nome, total...”. En Vilanova case ninguén ten nome propio, ou polo menos os seus veciños non llo coñecen. Tal como pasa co pedáneo. Porque non moitos saben que o Carrollas é en realidade Manolo ou que o seu irmán, o Neso, que é o sancristán, leva por nome Luís.

Hai quen recorda que un dos maiores alcumadores do pobo era o pai do Ferrín, da familia dos Cucufates; á que ademais do escritor tamén pertence o Padre Silva. Porque xa había que ter gracia para poñer nomes coma o Bicho Fóra, o Dente de Allo, o Conacha, o Ladrón de su madre, o Matahambres, o Terraquentes ou o Tío Peseto.

Xa dicía Celso Emilio que o Galo da súa taberna herdou o alcume “do meu pai, quen tamén o herdara do seu, meu abó”. Así, é máis que posible que sexa certo o dato dos 500 alcumes sinalados por Luís Soto, pois por unha banda había o alcume que se refería a toda unha familia, coma no meu caso os Matróns e os Cataláns, a familia dos Galiños ou a dos Gamarros; pero dentro de cada estirpe había pouco menos que un por membro. Aí están, por exemplo os irmáns músicos Dardo e Rin-Rin. Este último aproveitou un alcume de Vilanova para pórllle nome a un grupo de música folk con bastante sona: Os Muxicas.

É imposible saber con seguridade a orixe da maior parte dos alcumes e é ben fácil que cada veciño sinale un motivo diferente. Botando man de Celso Emilio, outra vez, “penso que moitos dises alcumes son fillos da casualidá, ou dun defecto físico ou dun acontecer chocarreiro calquera”.



Luís Meléndez, o Neso



Veciños de Vilanova. Fotografía de Pintos a principios do s. XX

Hai nomes, como dicía, que responden a peculiaridades físicas. Para demostralo os alcumadores deixaron motes coma o Coleta, o Cu de Pombo, o Morrudo ou o Perna de pita. E como non, o tan simpático as Tres Pelos.

A altura debeu ser crucial cando a algún se lle pasou pola cabeza chamarlle a un veciño o Jirafa. Mentres que o motivo para pórle a alguén o Patita pouco debeu ter que ver co de pórle a outro o Patota.

Con todo, se unha caricatura é quen de esaxerar estas mesmas características físicas, un alcume tende a resaltar algún aspecto da maneira de ser dunha persoa. Así, o meu avó era o Chuflete porque segundo os veciños era un pouco “chuleta”.



Manuel Meléndez, o Carrollas

E para os que eran medio presumidos, a imaxinación colectiva recorreu a cargos importantes, tales como o Príncipe, a Princesa, o Rei ou a Marquesa.

Tamén nesta categoría de alcumes por rasgos da personalidade entra o Bruto, que aínda non coñecendo con exactitude, parece escusado preguntar o motivo deste nome.

O Lercho e o Fiera debían de ter sido xente con carácter e “botada pra diante”. Ó contrario do que parece ter pasado coa Moucha ou o Pardillo.

Respondendo a actitudes pero dun xeito quizais máis poético, os veciños recordan alcumes coma o Poeta, o Carabel, o Queixote ou a Paloma. Contra isto hai outros que non semellan ter sido postos con tanta delicadeza. É o caso do Burrán, a Carracha, o Cheira, o Merda de can, o Plajas ou o Tarabela.

Ó igual que acontece coa toponimia, tamén os alcumes botan en ocasión man da natureza e na súa maioría de animais. Concretamente en Vilanova algúns veciños, e por extensión os seus descendentes, responden a nomes como o Bubela, o Coello, o Gallo, a Merla, o Pega e o Pego, o Rato e o Penedo.

Por último, tamén a relación de alcumes vilanoveses presenta os máis recorridos sobrenomes segundo a procedencia. Deste xeito, ademais dos xa citados Cataláns –dos que eu descendo-, tamén hai a Cartagena, o Jabacho, o Castellano, o Lugués e a Suíza.

Pero non só cada persoa ten un alcume, senón que ademais tódolos veciños de cada parroquia responden a un. E neste caso, si adoitan ser postos con toda a mala intención. Das xenreiras entre Celanova e Vilanova xa pouco queda, pero o suficiente para que os señoritos da capital sigamos sendo chamados calderetas, mentres que os de Vilanova son ceboleiros.

A memoria popular mantén unha copla que recolle algúns dos alcumes da zona. Por suposto, a versión varía segundo quen a cante:

Somos os de Santa María
os de Viveiro e Xixín,
outros son de Bobadela
e outros son de Leborín.
Vilanova, zapateiros;
leiteiros de Mourillós,
os de Amoroce, carrachudos
e os da vila son moi bos...ladrós.

Claro que aquelas liortas que remataban a pedradas nas Madorras e que algúns veciños aínda recordan deixaron paso a unha simple broma entre os veciños.

E quen firma isto é unha carrachuda caldereta con orixes ceboleiros, neta do Chuflete.

A OLERÍA: PEZAS TRADICIONAIS GALEGAS

A organización da Romaría Etnográfica Raigame decidiu tomar como tema central da edición de 2009 á olería tradicional.

A **Adega do S. Vivián**, que durante as datas anteriores e posteriores á Romaría convírtese nun **museo da olería**, mostra no seu primeiro andar, unha colección de pezas dos **catro centros oleiros galegos máis representativos**: os de **Niñodagua** en Ourense, **Gundivós** e **Bonxe** en Lugo, e **Buño** na Coruña. É unha pequena exhibición de cada unha das olerías da nosa terra, que xunto cos paneis informativos darán nosa unha visión máis ampla da importancia que tivo e todavía ten esta pequena industria artesán no noso país.

As pezas, cedidas por artesáns de Niñodagua, Bonxe e Gundivós, e máis polo Ecomuseo “O Forno do Forte” de Buño, son un exemplo da conxugación das antigas técnicas tradicionais coas necesidades produtivo-comerciais da moderna sociedade de consumo. O mostrario vai dende as vasixas tradicionais de utilidade culinaria a outras máis modernas que cumpren un servizo decorativo.

Na parte inferior da Adega do San Vivián, podemos contemplar unha colección de ferra-

menta e material empregado polos oleiros para a extracción da materia prima, o seu tratamento e posterior manipulación, até chegar á elaboración das pezas de barro na roda. Isto todo irá acompañado da proxección de diferentes documentais que narran o proceso de traballo dos nosos oleiros.



Agustín Vázquez, oleiro de Niñodagua, Ourense, coa súa colección de pezas tradicionais

OFICIOS TRADICIONAIS: O OLEIRO MOSTRA-MERCADO DE OLERÍA

A **Praza do Balcón** é o lugar no que se ubicará á “mostra-mercado” de oleiros. Dende ás 11.00 da mañá até as 19.00 da tarde, artesáns procedentes das localidades galegas de **Niñodagua**, **Bonxe**, **Gundivós** e **Buño**; de **Moveros de Aliste** en Zamora, de **Guadix** en Granada; e de **Aveiro** e **Coimbra** en Portugal, estarán elaborando a súa artesanía tradicional ao tempo que darán as explicacións oportunas sobre as súas técnicas de traballo a todos aqueles que se acheguen a eles, converténdose este acto nunha experiencia única para apreciar as características de cada unha destas artesanías dende a visión dos seus propios autores.

Os máis pequenos, e en reducidos grupos, tamén poderán moldear as súas pezas nos talleres didácticos que os artesáns irán organizando ao longo do día. Ao final, como premio e recordo, levarán para as súas casas as pezas por eles elaboradas.

Os visitantes da Romaría Etnográfica de Vilanova que se pasen pola Praza do Balcón tamén terán a oportunidade de se facer cunha variada colección de pezas de barro, xa que os oleiros non se limitarán a elaborar pezas, senón que tamén porán en venda os seus produtos.

*Elaboración dunha teteira de barro.
Fotografía de Xoel Gómez Losada*



BUÑO, ALDEA OLEIRA: O Ecomuseo “O Forno do Forte” e o “Centro Comarcal”. Un exemplo a seguir

No concello de Malpica, en Coruña, onde se ubica a **olería de Buño** que hoxe en día conta con **16 obradoiros** nos que traballan **22 oleiros**, sendo deste xeito o centro oleiro de maior actividade do noso país, teñen moi claro que non queren deixar desaparecer o patrimonio que esta artesanía lles legou. Con esta finalidade, dende hai case dez anos contan co **Ecomuseo do Forno do Forte**, que naceu como resultado da necesidade de expoñer ao público a tecnoloxía e o xeito de vida tradicional dos “oleiros” de Buño.

O Forno do Forte é un dos conxuntos etnográficos máis emblemáticos de Buño.



Foi levantado ao longo dos s. XVIII-XIX. A súa orixe foi unha casa labrega de gran tamaño. Cando o propietario cambiou de vivenda dividiuna en varios apartados que alugou a oleiros e xornaleiros. Para atraer aos oleiros construíu un cabanote (alpendre de grandes dimensións) onde podían gardar barro, toxo e outros obxectos e levantou un forno, indispensable para que puideran cocer. Este forno era dos máis apreciados pola calidade das súas ceceduras.

Á composición inicial engadíronselle máis vivendas ocupadas por oleiros, ata formar arredor do forno o que é o conxunto máis orixinal da localidade.



O forno coceu con regularidade ata a década de 1960. A partir de aí reduciu a súa actividade ata abandoala nos anos 70 do século pasado.

En 1999 iniciáronse os traballos de restauración e posta en valor do conxunto coa fin de crear o Ecomuseo que hoxe podemos visitar.

O conxunto foi rehabilitado pola Deputación da Coruña, actual propietaria, que coidou cada detalle co fin de ofrecer ao visitante a posibilidade de retroceder no tempo e poder coñecer, non só como era a vivenda dun oleiro, senón tamén o seu oficio e o xeito de vida dunha familia da década de 1950.

O Ecomuseo de Forno do Forte, xestionado polo Concello de Malpica, ofrece ao visitante unha visión única da vida tradicional, permitindo ademais a posibilidade de vivir a experiencia de traballar nun torno e elaborar unha peza de barro coas súas propias mans.

Como complemento á olería, tamén podemos visitar varias salas dedicadas á agricultura e gandería, actividades complementarias da vida cotiá dun oleiro.

Na súa páxina web podemos atopar completa información sobre a súa localiza-

ción, a súa historia, as súas diferentes dependencias e os seus horarios de visita, e o visitante tamén se pode baixar unha completa guía didáctica sobre a olería de Buño. Aquí está o seu enlace: <http://www.concellomalpica.com/fornodoforte/>

E como complemento, o Centro de Desenvolvemento Comarcal de Bergantiños, que se atopa a pouco máis de un quilómetro, ven de inaugurar, a finais de marzo, unha exposición permanente titulada “*Olería Tradicional de Galicia. Colección de Luciano García Alén*”.

A zona expositiva conta con dúas partes diferenciadas. A primeira, **O Alfar**, representa o proceso necesario para a elaboración dunha peza de Buño mediante paneis informativos, fotografías e a reprodución do material para o traballo do barro, unha roda e un forno de Buño. A segunda consiste na exposición de máis de 300 pezas de toda Galiza, recompiladas polo Etnógrafo Luciano García Alén, autor do máis completo estudo até o momento sobre a olería galega, recentemente reeditado: “*La alfarería de Galicia*”. Esta exposición conta con tres seccións: a primeira, **O sentido das olas**, explica a relación entre o uso da peza e a súa morfoloxía. A continuación, **O rumor do barro**, selecciona as pezas segundo o seu deseño. Por último, **O sabor do lume**, presta especial atención aos aspectos decorativos e os acabados das vasixas.

MAQUINARIA AGRÍCOLA E FERRAMENTA PESADA: Exposición na Praza da Torre

Mediante a exposición situada na **Praza da Torre** na que se mostrará toda unha serie de **ferramenta e maquinaria agrícola** que en moitos casos hoxe xa está en desuso, tentarase dar conta da evolución tecnolóxica desta actividade ao longo do tempo.

A sociedade galega, até o último cuarto do s. XX, tivo como principal actividade económica a agricultura, que en moitos casos era simplemente de subsistencia, e para a que se empregaba unha serie de ferramentas moi sinxelas. O **ferreiro** era o encargado de fabricar esas ferramentas: aixadas, sachos, fouces, fouciños, gadañas, forcadás, rastrelas, etc.

Dende a aparición do carro e do **arado romano**, practicamente non houbo innovación algunha. Só



Sobre estas liñas, malladora dos anos 60, propiedade de José Abadín, da Corga, Sandiás. Abaixo, Arado romano do Museo dos Devanceiros, Os Milagres



a partir da metade do s. XX, se comezou a popularizar a utilización de **máquinas de malar, aireadoras**, e máis adiante, segadoras e tractores cos seus complementos para traballar a terra.

Coa colaboración de diferentes coleccionistas, reúne-se nesta mostra unha serie de ferramenta pesada que nos permitirá facer un pequeno percorrido na historia da agricultura, descubriendo usos e costumes hoxe desaparecidos.

MERCADO DE ANTIGÜIDADES: novidade na Romaría

A Romaría Etnográfica Raigame inaugura unha nova actividade dentro do seu programa: **O Mercado de Antigüidades**. Anticuarios chegados de diferentes localidades do noso país expoñen as súas pezas, recordos, obxectos, "*cousas vellas*" que hoxe perderon a súa vida útil e son admirados e demandados por outras calidades: pola súa singularidade, pola súa estrañeza, pola súa forma, etc., pero principalmente polo sentimento de añoranza que fan xurdir en quen os admira.

Moedas, selos, libros, reloxios, cámaras de fotografía, máquinas de coser, radios, louza, chaves, ferramentas, xoguetes, lámpadas, candís e farois, e centos e centos de obxectos curiosos que sempre sorpenden a todos aqueles que se achegan a observar, curiosear e comprar. Aquilo que noutrora tiña unha función e unha utilidade, é hoxe buscado por coleccionistas e por decoradores principalmente, pero tamén polos que ao velo, lles trae á memoria un recordo agradábel da súa xuventude.

O lugar escollido para este mercado é o camiño da Igrexa, xusto a continuación dos Xogos Populares, onde se colocarán máis de dez postos.



A FESTA DA MALLA EN A CORGA, SANDIÁS:

A malladora “Ajuria-Vitoria”

Por José Abadín Gamucio

¿Quen lle ía a dicir a este aparello tras máis de trinta anos escondido nunha palleira nas estribacións da serra de Leboreiro nun pobo do concello de Lobeira, na Baixa Limia, que un día volvería a funcionar como o facía na década dos sesenta e principios dos setenta?

E mirai o que son as cousas, tras ese montón de anos de esquecemento, enferruxamento das partes metálicas e acción das polillas na madeira, rexurdía cal ave fénix a principios do segundo milenio nun alpendre de Celanova onde recibiu unha limpeza da ferruxe e unha capa de pintura.

lugar destacado esta máquina pois fixo o traballo como faría en calquera outra campaña do pasado.

Na aira do campo, tras pelar as herbas cas aixadas, estendeuse unha abundante capa de bosta de vaca que

unha vez seca valeu para que as coañadoiras fixesen o seu traballo dun xeito adecuado.

Unha vez finalizada a malla comezou a limpa cunha limpadora da mesma marca alavesa.



Aos máis vellos valeunos para revivir unha malla, os máis novos puideron vivir a experiencia por primeira vez. Esperamos repetir a experiencia este ano 2009, na “Segunda festa do centeo Limiau” e á que desde estas liñas invitamos a todos a acompañarnos. O centeo xa está sementado e aricado, tan só faltan uns meses para que medre o suficiente e críe o grao.

Ata entón, un saúdo.

Moita xente pensa que o motor ten que ser un Matacán ou un Lister pero este equipo xa funcionou con esta configuración co seu antigo dono no ano 1969, ano en que o motor saíu da fábrica de Zafra en Badajoz.

O ano pasado, 2008, os veciños dun pequeno pobo da Alta Limia chamado Corga, do concello de Sandiás, pobo polo que pasaba a vía XVIII ou vía Nova de Braga a Astorga e agora pasa moi perto a A-52, decidiron facer unha festa na que se recordara o duro traballo do centeo: seitura, ata, acarrexas e malla e aí tivo un



Premios dos Concursos da VII “Romaría Etnográfica Raigame”

En Celanova, o 8 de setembro de 2008 constituíronse os xurados correspondentes, para analizar os traballos presentados ao concurso convocado pola organización da “VII Romaría etnográfica Raigame” celebrada en Vilanova dos Infantes o pasado 17 de Maio día das letras galegas, resolvendo cada un deles o seguinte:

Concurso de Fotografía:

O xurado constituído por: Xosé Vázquez “Che”, José Paz e Jesús Regal acordou conceder os premios da seguinte maneira:

Primeiro premio de 600 Euros: Á fotografía presentada por Porfirio Guzmán Mendoza, de O Carballiño (Ourense).

Segundo premio de 300 Euros: Á fotografía presentada por José López Pérez, Santiago de Compostela.

Terceiro premio de 150 Euros: Á fotografía presentada por Jesus María Torrado Vidal, de Boiro (A Coruña).

Ademais, o xurado acordou conceder **acesits**, sen premio económico, publicados na revista Raigame a:

Evaristo Santamaría Inzua, de Noia; Breixo García Rego, de Ourense; Juan Andrés Hervella Vázquez, de Ourense; Milagros Fernández Silva, de Ourense; Eladio Aristóteles Vega Vázquez, de Ourense; Aníbal Cid Babarro, de Ourense; José Luis Diz Rodríguez, de O Carballiño; Juan Pérez Míguez, de Ourense; Albert Brull Gracia, de Boboras; Patricia Blanco Rodríguez, O Carballiño; Alfonso García Santos, de Santiago de Compostela; e Silverio, de Ourense.


Concurso de Investigación:

O xurado constituído por: Xosé Antón Fidalgo Santamariña, José María Rodríguez Álvarez e Francisco Xabier Limia Gardón acordou conceder os premios da seguinte maneira:

Primeiro premio de 600 Euros: Ao traballo presentado por Clodio González Pérez e X. Ramón Marín Martínez e titulado: “As Varandas de Ferro dos Corredores e Balcóns do Ribeiro”.

AS VARANDAS DE FERRO DOS CORREDORES E Balcóns DO RIBEIRO

CLUDIO GONZÁLEZ PÉREZ
XOÁN RAMÓN MARÍN MARTÍNEZ



II PREMIO DO VII CONCURSO DE INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA RAIGAME 2008

ETNOGRÁFICA RAIGAME



Portada do traballo de Clodio González e X. Ramón Marín, gañador do 1º premio de Investigación

Segundo premio de 300 Euros: Ao traballo presentado por Aníbal Cid Babarro e titulado: “Serranchíns e serradeiros, un oficio para a lembranza”.



De esquerda a dereita: fotografías de Porfirio Guzmán, 1º Premio; José López, 2º Premio; e Jesús Mª Torrado, 3º Premio (páx. seguinte)

Concursos da VIII “Romaría Etnográfica Raigame”

Con motivo da celebración da VIII Romaría Etnográfica Raigame, organizada polo “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2009, convócase o **VIII Concurso “Romaría Etnográfica Raigame”**, que estará regulado polas seguintes **BASES**

1. Os interesados poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.
2. Os temas abordados nos distintos apartados do concurso deberán estar inspirados ben na Romaría que se celebre o día 17 de maio de 2009 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense), ben nas vivencias da cultura popular galega en xeral, segundo a modalidade do concurso en que participe.
3. O concurso terá 2 modalidades:
 - a. **Concurso Fotográfico.** Recollerá aspectos da xornada de celebración da presente edición da Romaría Raigame. As fotografías presentadas deberán ser orixinais en cor ou en branco e negro. Cada fotografía deberá levar un título identificativo e non se poderán presen-

tar máis de 3 fotografías. Premiarase unha única fotografía. Tamaño mínimo de 18x24 cm. Tamaño máximo de 30x40 cm. sen montar. Admitiranse fotografías dixitais sempre e cando non teñan tratamento informático engadido que vaia máis alá da corrección da cor.

- b. **Concurso de Investigación Etnográfica.** Non precisan facer referencia explícita á Romaría Raigame, pero si á etnografía galega. Os traballos deberán ser presentados en lingua galega.

4. Premios:

- a. **Concurso Fotográfico:**
Un premio de 600 euros.
Un premio de 300 euros.
Un premio de 150 euros.
- b. **Concurso de Investigación Etnográfica:**
Un único premio de 750 euros.

5. Segundo a normativa legal vixente, os premios que superan a contía de 300 euros estarán suxeitos á perceptiva retención fiscal.

6. O xurado será nomeado polos organizadores da VIII Romaría Etnográfica Raigame e as súas decisións serán inapelables.

7. Os traballos deberán ser remitidos ben ao “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández”, ben ao Concello de Celanova, baixo pseudónimo, facendo constar a modalidade na que participa. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: Nome, dirección, teléfono.

8. A **data límite** de presentación dos traballos será o día **31 de Xullo de 2009**.

9. Unha vez que o xurado falle os premios, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación, podendo declarar deserto algún deles, así como conceder accesos especiais, consistentes na publicación dos traballos na revista “Raigame” do “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación de Ourense.

10. Os premios serán entregados arredor do día 15 de setembro de 2009 coincidindo coa celebración da Romaría da Virxe do Cristal, para o cal os galardoados serán citados a través dunha comunicación persoal.

11. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Organización, podendo facer uso deles nomeando a súa autoría.

12. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus propietarios durante os dous meses posteriores ao fallo do xurado, no “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación Provincial. Unha vez transcorrido ese tempo, os traballos pasarán ó arquivo da Organización.

13. A participación en calquera das diferentes modalidades deste concurso implica a total aceptación das presentes bases.

ADENDA

Premio honorífico “Xan de Barros”

Fóra de concurso, créase o premio honorífico “Xan de Barros” (en lembranza do persoeiro no que Curros Enríquez personifica ó crego de Vilanova dos Infantes que instituíu a romaría da Virxe do Cristal), co fin de recoñecer anualmente a persoas ou colectivos que se signifiquen por ter traballado no campo da promoción da Romaría Raigame ou de calquera actividade directa ou indirectamente relacionada con ela, así como cos valores etnográficos que esta Romaría pretende exaltar.

A persoa ou colectivo galardoado cada ano será dado a coñecer publicamente a través dos medios de comunicación antes do día 17 de maio e o premio seralle entregado o propio día 17 de maio no transcurso dun acto público que terá lugar ó longo da xornada de celebración da Romaría.

Para elixir o premio constitúese anualmente un xurado formado por representantes dos estamentos organizadores e patrocinadores da Romaría Etnográfica Raigame, que escollerán ós premiados de entre as propostas que poidan realizaren internamente ou daqueloutras que lles fagan chegar a través de terceiras persoas.



PREMIO HONORÍFICO "XAN DE BARROS": Don Elixio Rivas Quintas e o Museo dos Devanceiros

Co fin de recoñecer a persoas ou colectivos o traballo e colaboración na promoción e actividades da Romaría Etnográfica Raigame, así como os valores etnográficos que esta festa pretende exaltar, a Organización crea o **Premio Honorífico "Xan de Barros"**, que toma o seu nome do crego de Vilanova dos Infantes ideado por Curros Enríquez, que instaurou a romaría da Virxe do Cristal.

Nesta primeira edición, o **xurado**, constituído por organizadores e patrocinadores da Romaría, **decidiu premiar a Don Elixio Rivas Quintas e o Museo dos Devanceiros** situado no Santuario dos Milagres. A Organización quere recoñecer deste xeito a súa inestimábel colaboración na realización deste evento, principalmente no concerner á cesión de pezas para as exposicións realizadas en distintas edicións na Romaría: **O liño e o seu traballo**; **O Carro**, para a que cedeu a súa colección de xugos; e nesta edición, pezas para as exposicións sobre **A Olería Galega e a Maquinaria Agrícola**. Á marxe da colaboración coa Romaría Raigame, o Museo dos Devanceiros cumpre unha misión didáctica e educativa no campo da etnografía,



organizando visitas guiadas previamente concertadas co propio Elixio Rivas.

Pero o seu traballo non remata aquí. A súa paixón pola lingua levouno a publicar máis de 20 libros nos que estuda a relación entre o léxico e a etnografía, reunidos na colección *Léxico rural do noroeste hispano: A casa e o casal, O muíño, Labranza e ferramenta manual, A cociña e a matanza, Antropoloxía e ronsel cultural da Galecia*, etc.

O Museo dos Devanceiros

D. Elixio Rivas (1926. Fondo de Vila, X. de Ambía) recompilou e catalogou durante máis de 20 anos, material etnográfico relacionado coa cultura tradicional galega, principalmente coas actividades relacionadas cos vellos oficios que se realizaron no Santuario dos Milagres, Baños de Molgas, na comarca Maceda-A Limia e diferentes zonas de Galiza. Coa reconstrución do que foran dependencias labregas e forno do conxunto arquitectónico do Santuario, conseguiu o espazo expositivo para mostrar todo ese material, o **Museo dos Devanceiros**, dividido en tres partes: **Etnográfica, Científica e Sacra**. A sección **Etnográfica** conta con tres apartados diferenciados: **a casa**, na que se reproducen dependencias como a cociña coa lareira e todos os seus elementos para facer lume, cocinar e comer; e o dormitorio, con mobiliario procedente da casa materna do propio Elixio Rivas. Outro apartado dedicado aos **oficios** percorre a través da súa ferramenta, traballos como os de albanel, canteiro, carpinteiro, ferreiro, labrego, oleiro, zapateiro, etc. Por último, hai unha serie de vitrinas referidas a **usos e costumes** como a escola, os xogos, o tabaco ou a música popular.

Outra parte do museo dedícase á **Ciencia**. Os irmáns Paúles mantiveron unha importante labor docente, polo que a sección científica

do Museo dos Devanceiros cumpre unha importante misión. Na exposición destaca unha maqueta en relevo do mapa de Galiza feita por alumnos con información de puntos arqueolóxicos relevantes; unha máquina de Rasden para producir electricidade; a botella de Leiden, orixe dos condensadores; pero sobre todo destaca un proxector cinematográfico inventado polo Padre Mariano Diez nos finais do s. XIX, da mesma época co dos irmáns Lumière, cos que mantivo contacto. Tamén conta cunha colección de fósiles, conchas, telescopios, catalexos, etc.

Por último, o museo conta cun apartado relacionado co **Culto e Arte Sacro** no que destaca vestuario sacerdotal do s. XIX, mantos da Virxe dos Milagres e estandartes de procesión.



O galardón do premio "Xan de Barros"

Dado o seu carácter de premio de recoñecemento a unha traxectoria vital de traballo a prol da etnografía ou de apoio á Romaría Etnográfica Raigame, o galardón que simboliza o premio "Xan de Barros" é unha escultura en madeira que reproduce as formas da torre de Vilanova dos Infantes, realizada polo artista mallorquín afincado en Ourense, Leandro Sánchez.

